

Vigo segue sen un centro de inclusión social

Vigo conta con ao redor de 300 sen teito segundo as diferentes organizacións sociais que traballan na cidade. Vinte de eles faleceron no derradeiro ano na rúa a falta de políticas sociais que garantan os seus dereitos fundamentais. Cáritas, como integrante da Rede Social Galicia Sur, participou en diferentes actividades co fin de impulsar a creación dun centro de inclusión social co obxectivo de mellorar a vida das persoas que viven en situación de vulnerabilidade e exclusión social en Vigo.

A iniciativa da creación dun centro de inclusión social nace en resposta ás necesidades das persoas sen fogar e as situacións de emerxencia e pobreza severa nas que calquera persoa pode atoparse nun determinado momento da súa vida. Deste xeito, a cidade ten a necesidade de contar con servizos profesionais públicos que sexan capaces de identificar as causas da situación de este colectivo e ofrecer programas de apoio que sirvan para garantir a súa reinserción social e económica. Na actualidade, os poucos recursos que existen en Vigo son de carácter privado e non alcanzan a atender á demanda existente.

Debate político sen final feliz

De cara á creación de un centro de inclusión social, a anterior Xunta realizou unha inversión de 220.000 euros na adaptación de parte do edificio do antigo Fogar San Paio que finalizou no mes de xullo do pasado ano. Trala chegada da nova presidencia autonómica, o proxecto do centro de inclusión quedou parado e se asignou ao edificio unha utilidade distinta, deixando baixo responsabilidade do Concello a apertura e xestión do centro.

Pola súa parte, a Alcaldía de Vigo afirmou estar disposta a permitir que o Fogar San Paio abrise de inmediato e temporalmente como centro de



Cadea humana ao redor do antigo Fogar San Paio durante unha das mobilizacións para reclamar a apertura do centro de inclusión social

inclusión social mentres se acondicionaba para tal fin o edificio da antiga Escola de Hostelería. Sen embargo, despois pasou a soste que si a Xunta de Galicia non cede o Fogar San Paio para albergar as novas dependencias da Policía Local, o concello tampouco cedería a antiga Escola de Hostelería como sede definitiva do centro. Tras este debate, a cuestión quedou politicamente parada, pero segue socialmente activa.

A sociedade civil viguesa mobilízase

Foron numerosas as actividades que as diferentes organizacións sociais vigesas organizaron durante o derradeiro ano para chamar á atención sobre este tema. Entre elas dúas cadeas humanas ao redor do edificio da "Gota de leite", unha durmida ás súas portas, e unha acampada na Praza do Rei para esixir a súa apertura. Ase mesmo convocáronse varias manifestacións no centro da cidade que reuniron a centos de persoas.

A Rede Social Galicia Sur, integrada por máis de 20 organizacións sociais de Vigo, instou tamén ás diferentes administracións a un compromiso con a apertura do centro. Sen embargo, tras reunións cos representantes políticos, as máis de 300 persoas que viven nas rúas vigesas seguen sen contar con unha opción pública á que teñen dereito para saír da súa situación.